
UNHA GRAN SORPRESA

Texto e ilustracións de DANIELA KULOT

Tradución de IAGO NICOLÁS

Encadernado en cartón. 23 x 30 cm. 32 páx. 16 €

[Unha gran sorpresa](#) (galego)

ISBN 978-84-1343-197-0. Álbum ilustrado. Demademora.

[Una gran sorpresa](#) (castelán)

ISBN 978-84-1343-198-7. Álbum ilustrado. Obras de autor/a.

[Krokodilo, Jirafa eta egundoko sorpresa](#) (euskara)

ISBN 978-84-9172-315-8. Álbum irudidunak. Egile lanak.

[Crocodilo e Girafa, uma grande surpresa](#) (português)

ISBN 978-989-749-166-5. Álbum ilustrado. Obras de autor/a.

Xirafa está pensativa.

–Hoxe pasaba algo, non? –pregunta.

–Si –contesta Crocodilo–. Eu tamén teño esa sensación.

Pero que pode ser?

–Hi, hi –rin Croquila e Rafolo, en voz baixa...


O que podería ser un día calquera convértese nunha emocionante aventura para a familia de Xirafa e Crocodilo. Unha misteriosa corda traza o camiño dunha viaxe que conclúe con «Unha gran sorpresa».

O título deste libro de Daniela Kulot xa anticipa un desenlace que esperta a curiosidade das lectoras e dos lectores desde a primeira páxina, cando se formula un enigma do que os máis pequenos da casa parecen ser cómplices.

A participación de Croquila e Rafolo reflicte o protagonismo da infancia nun fogar onde os afectos e as emocións están por enriba dos agasallos materiais.

Atravesando o río, escalando montañas, sobrevoando a cidade e atravesando as súas rúas, non só irán saudando diversos veciños -o pato, a marmota, o merlo...- que van sumándose á excursión, senón que tamén vivirán novas experiencias e practicarán destrezas nas que os maiores axudan aos pequenos a desenvolverse.

Tras «[Crocodilo namorado](#)», «[Unha parella diferente](#)», «[Unha casa á medida](#)» e «[Unha familia normal](#)», a continuación da serie segue achegando historias sobre a tolerancia e o respecto á diversidade a través de animais humanizados entrañables e divertidos. A proposta estética segue centrándose no colorido das escenas e na expresividade dos personaxes introducindo -xa desde as gardas do libro- grandes perspectivas que permiten representar accións simultáneas que reforzan o dinamismo do relato.



- **Temática:** familia e diversidade; aniversarios.
- **Idade recomendada:** desde 3 anos.
- **Aspectos destacables:** tolerancia, afectos e emocións vs. materialismo; sorpresas, aventuras, viaxes; celebracións e actividades en familia, vida social, veciños, comunicación, humor; outros títulos da serie: «[Crocodilo namorado](#)», «[Unha parella diferente](#)», «[Unha casa á medida](#)» e «[Unha familia normal](#)»; da autora de «[Bromas na escuridade](#)».
- **Avance do libro:**
<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/unha-gran-sorpresa-g>

Daniela Kulot

(Schongau, 1966)

Estudou Educación Artística, Lingua e Literatura Alemás na Universidade de Augsburg -onde tamén foi profesora de debuxo-, ademais de realizar cursos de deseño gráfico e ilustración, completando a súa formación na Escola de Belas Artes de Múnic. En 1993 empezou a traballar como pintora, ilustradora e deseñadora *freelance*. Visitando feiras internacionais de literatura infantil, a editorial Thienemann deulle a primeira oportunidade de publicar. A súa obra expúxose na Bienal Internacional de Bratislava e en cidades de Alemaña, Estonia, Rusia e Xapón, entre outros países. Os seus libros traducíronse a máis de 30 idiomas.

<http://daniela-kulot.de>

